



# PROXECTO EDUCATIVO

---

*CEP XOSÉ NEIRA VILAS*

# ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| 1. Datos do centro  | 2  |
| 2. Características do contorno  | 2  |
| Sociocultural   |    |
| Económico   |    |
| Lingüístico   |    |
| 3. Tipos de familias  | 3  |
| 4. Alumnado   | 3  |
| 5. Relación con outras institucións   | 3  |
| Concello  |    |
| Centros adscritos   |    |
| Asociacións deportivas  |    |
| ANPA  |    |
| 6. Valores e principios prioritarios  | 4  |
| 7. Obxectivos e medidas prioritarias  | 5  |
| Potenciar a convivencia de toda a comunidade                                  |    |
| Dar resposta á diversidade do alumnado a través do desenvolvemento curricular |    |
| Establecer mecanismos de participación das familias                           |    |
| 8. Características singulares   | 9  |
| Servizos: comedor, transporte e extraescolares                                |    |
| 9. Referencias lexislativas   | 10 |
| 10. Aprobación do Proxecto Educativo  | 10 |

## 1. DATOS DO CENTRO

**Tipo:** Centro de Educación Primaria

**Denominación:** Colexio de Educación Primaria "Xosé Neira Vilas" de Peitieiros

**Situación:** Peroleira, 34 -Peitieiros - GONDOMAR (Pontevedra)

**Código Postal:** 36389

**Teléfono:** 886 110 220

**Fax:** 886 110 223

**Código de centro:** 36018631

**Número de unidades en funcionamento:** 11

**N.º de profesores/as:** en total 22, 18 definitivos/as, 1 AL e 1 mestra de inglés itinerantes, 1 PT e 1 AL en comisión de servizo ,e 1 profesora de Relixión.

**N.º de alumnos/as:** 51 no 1º e 2º niveis de Primaria, 64 no 3º e 4º niveis de Primaria e 62 no 5º e 6º niveis de Primaria (Total 177 alumnos e alumnas).

## 2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

### a) Sociocultural

Atopámonos nun colexio situado no rural, que acolle nenos e nenas de varias parroquias de Gondomar: Chaín, Peitieiros, Couso e Morgadáns, tendo esta última os barrios de Vilas e Prado, que son as máis distantes do Centro con 6 e 8 km, respectivamente. Na nosa zonificación tamén está comprendida unha zona pequena do casco urbano.

Gondomar é un concello rural de 14.000 habitantes. Entre os servizos cos que conta están: unha Biblioteca, unha Casa da Cultura, Centro de Saúde, Pavillón Polideportivo, e Conservatorio de Música. Tamén existen varias escolas deportivas e artísticas en funcionamento.

A comunicación das parroquias co centro urbano non é moi fluída a pesar da existencia dunha liña de autobuses varias veces no día.

O nivel de servizos sociais nas parroquias é bastante deficiente. Nalgúns aspectos, a súa escasa demanda é case sempre consecuencia do interese que os demais demostran por eles. É o caso, en concreto, dos Centros Culturais que existen en cada unha das parroquias, onde desenvolven un importante labor en actividades folclóricas e musicais, así como a utilización destes locais como centro de reunión e de localización das Comisións de Festas e de Montes.

A maior parte dos servizos con que conta o Concello están no centro urbano, sen que iso supoña necesariamente un gran nivel de "centralismo".

### b) Económico

O tipo de vivenda é unifamiliar, e a maioría das familias teñen terreos que traballan regularmente -cada vez menos- e que axudan á economía familiar. Outra parte das familias adícanse a sectores industriais e servizos.

Esta simbiose entre o traballo nas empresas e o agrícola da casa, así como

a súa localización xeográfica rural condicionan bastante o modo de vida, aínda que estamos observando nestes últimos anos un fluxo de familias que chegan á nosa zona procedentes da cidade buscando un contorno máis tranquilo.

### **c) Lingüístico**

O idioma predominante nas familias é o galego, aínda que, moitos pais e nais relaciónanse cos seus fillos e fillas en castelán. A importancia disto é grande, xa que supón andar a cabalo entre dous idiomas distintos coa conseguinte dificultade para a súa aprendizaxe. Non existen máis linguas en uso.

## **3. TIPOS DE FAMILIAS**

Existe un número significativo de familias nas que conviven tres xeracións distintas, pero a maioría son familias nucleares nas que unha parella convive cos seus fillos/as, normalmente entre 1 e 2.

O cambio nos modelos familiares vaise producindo do mesmo xeito que nas zonas urbanas, se ben é unha poboación máis fixa ó territorio, sen movementos migratorios que destacar agás o dalgunhas familias retornadas.

Tamén nos atopamos co incremento de proxenitores separados o que afecta, ás veces, ó rendemento do alumnado.

Non existen actualmente familias inmigrantes nin de etnia xitana, que poden presentar características máis especiais polas súas tradicións e/ou culturas.

O interese e a participación das familias é maior cada vez, así como a súa colaboración.

## **4. ALUMNADO**

O alumnado é característico dunha zona rural. En xeral, por mor das deficientes comunicacións ata épocas ben recentes, as posibilidades de formación ou mesmo a valoración e o interese por esta formación quizais fose un impedimento para acadar un nivel comparable con outros centros urbanos máis ou menos próximos do seu contorno.

A diversidade do alumnado existente esixe poñer en marcha unha serie de medidas onde se potencie a convivencia, a formación e o rendemento do alumnado. Isto implica unha colaboración activa coas familias para conseguir compromisos delas en relación ó desenvolvemento dos seus fillos/as.

## **5. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS**

O centro ten unha relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

**a) Co Concello:** co que colabora en aspectos fundamentalmente culturais no uso de instalacións e realización de actividades. Existe unha boa relación de comunicación e no relativo a aspectos de mantemento do centro.

**b) Co centro adscrito de EI e o IES:** a coordinación co "CRA Antía

Cal” consiste nunha colaboración en canto ó uso das instalacións para as súas reunións de familias, actividades extraescolares, e as actividades de acollida que se fan conxuntas do alumnado que vai vir ó CEP ó ano seguinte, co 1º e 2º niveis de EP. Tamén existe unha coordinación co “IES Terra de Turonio” de cara á transición do alumnado de 6º de EP á ESO. Por outra banda, o Xefe do DO exerce tamén as súas funcións no CRA.

**c) Coas asociacións deportivas:** previa solicitude e autorización da Xefatura Territorial, asociacións como a Sociedade Atlética Val Miñor, ou Gondomar Fútbol Base, poden facer uso das instalacións do centro.

**d) Coa ANPA:** existe unha moi boa relación coa ANPA, a colaboración e participación pola súa parte facilita moito o desenvolvemento da nosa función docente.

## 6. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

Ter en conta as características e os axentes que forman parte da comunidade educativa, non é a única función deste documento. Toda esta información non tería sentido sen articular e construír accións que se centren en potenciar o desenvolvemento do alumnado. En todo caso, os valores e principios recollidos permiten dotar ó noso centro dunha singularidade propia, que non busca reproducir modelos establecidos senón crear un sistema propio e único, axustado ás características do noso alumnado.

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución Española e que consideramos neste contorno social, económico e cultural: a tolerancia, a solidariedade, a convivencia e a xestión pacífica dos conflitos, o respecto á diversidade apostando pola pluralidade lingüística, relixiosa e cultural dos distintos pobos, e a igualdade de sexos. Ademais, e relacionados cos anteriores:

- (1) Formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en tódolos ámbitos da vida: persoal, familiar, social e profesional.
- (2) Unha escola activa que potencie a ansia por descubrir, investigar, crear, e a capacidade de asumir de forma crítica contidos e situacións (a escola deixa de ser meramente transmisora).
- (3) O labor educativo ten que implicar a toda a comunidade educativa: nenos e nenas, pais e nais, mestres e mestras, persoal auxiliar... para contribuír á consecución dos obxectivos educativos.
- (4) Propugnamos un modelo de escola baseado nos principios de coeducación e igualdade entre os sexos, potenciando a eliminación de diferenciacións nos roles, tanto entre alumnos e alumnas como entre o

profesorado.

- (5) A nosa escola promoverá entre tódolos seus membros o compromiso co coidado e respecto da natureza e mellora do contorno.
- (6) Defendemos a non-violencia como única vía para a solución dos conflitos, fomentando o desenvolvemento de actitudes e valores relacionados coa Educación para a paz.
- (7) Defendemos un modelo de ensino baseado na diversidade, tentando dar resposta ós intereses e ás necesidades educativas de todos os alumnos e alumnas, mediante unha acción educativa centrada no principio de inclusión e no principio de persoalización.
- (8) Unha escola ligada á vida, que parta das experiencias e capacidades dos nenos e nenas para satisfacer as súas necesidades e que os leve a ser autónomos/as.
- (9) Potenciación dos hábitos democráticos, respecto ás opinións dos demais, gustos, intereses, etc.
- (10) A autonomía pedagóxica do centro, dentro dos límites establecidos na lexislación, así como a actividade innovadora do profesorado na práctica docente.

A posta en práctica destes principios e valores supón o establecemento dunha liña pedagóxica única en todos os niveis educativos. Esta liña pretende que se acaden os fins e principios da educación primaria seguindo as normas establecidas, respectando os dereitos e cumprindo coas obrigas, que existen tanto dentro como fóra do centro, tendo en conta que un dos nosos obxectivos é preparar ó alumnado para a seguinte etapa educativa obrigatoria. Deste xeito, dotarémolles das ferramentas precisas para acadar o éxito no seu futuro desenvolvemento persoal, académico e social.

## **7. OBXECTIVOS E MEDIDAS PRIORITARIAS**

O centro pretende desenvolver diferentes accións que permitan acadar os seguintes obxectivos:

- a) Potenciar a convivencia de toda a comunidade.
- b) Dar resposta á diversidade do alumnado a través do desenvolvemento curricular.
- c) Establecer mecanismos de participación das familias.

Para acadar os obxectivos propostos, articularanse diferentes accións en relación a cada un deles:

## **a) Potenciar a convivencia de toda a comunidade.**

### **1. Medidas de sensibilización**

Planificación e realización de actividades grupais con todos os sectores da comunidade, valorando as diferenzas existentes de tipo social e mostrando actitudes de solidariedade, respecto e tolerancia, e rexeitando calquera tipo de discriminación.

Posta en marcha de diferentes actividades en relación a conmemoracións e actividades de sensibilización cara colectivos de risco ou en situacións desfavorables.

### **2. Preventivas**

Achegamento e coñecemento dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa a través de dinámicas de convivencia nas titorías. Traballaremos nos grupos-clase a resolución de conflitos de forma dialogada, democrática e pacífica, sen esquecer a xestión das emocións, rexeitamento de toda discriminación, compensación das desigualdades, etc.

De xeito específico e, en función da dispoñibilidade do profesorado ou a organización do centro, desenvolveranse Programas de Habilidades Sociais dirixidos a potenciar as relacións e fomentar a comunicación, anticipándose a situacións conflitivas.

### **3. Organizativas e curriculares**

Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso centro en base ó respecto e á responsabilidade persoal, á participación e ao traballo cooperativo. A acción titorial cumpre unha función indispensable para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor de dinámicas de consolidación do grupo, achegar información ó resto de profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, e de habilidades sociais.

Podemos abordar a convivencia no centro a través das seguintes medidas: aprendizaxe cooperativa, obradoiros inter e intranivel e patios dinámicos.

3.1. A aprendizaxe cooperativa responde ao uso didáctico de equipos reducidos de alumnos e alumnas para aproveitar a interacción entre eles co fin de maximizar a aprendizaxe de todos e todas, ao mesmo tempo que aprender a traballar en equipo. Baséase en:

-Interdependencia positiva: todos e todas necesitan da implicación dos demais

-Responsabilidade individual e grupal: asumindo obxectivos e compromisos de equipo e persoais

-Interacción estimuladora entre os membros do equipo: promovendo o éxito dos demais

-Desenvolvemento de habilidades interpersoais: adquirindo destrezas de traballo a través de escoita e a comunicación

Un dos obxectivos fundamentais consiste na construción de coñecementos e a adquisición de competencias e habilidades sociais a través da propia acción na aula. Supón un modo de estruturar a actividade que ten unha dobre dimensión: cooperar para aprender y aprender a cooperar.

Esta forma de traballo debe reunir as seguintes características:

-Organización en equipos heteroxéneos e mixtos, creando un clima de coñecemento persoal (dinámicas de cohesión).

-Organización da actividade a través de estruturas cooperativas simples e complexas.

-Avaliación por parte do mestre (heteroavaliación) e por parte do propio alumnado (coavaliación e autoavaliación).

En conclusión, o emprego desta metodoloxía contribúe á motivación pola tarefa, xerando actitudes de implicación e iniciativa cun maior grao de comprensión do que se fai e por qué se fai. A calidade do traballo vese favorecida pola relación social na aprendizaxe.

3.2. En canto ós Obradoiros, supoñen agrupamentos inter e intra nivel, mesturando alumnado correspondente ás aulas de 1º e 2º, 3º e 4º, e 5º e 6º EP.

Cada obradoiro terá unha continuidade de aproximadamente de entre 5 e 8 semanas, en función do número dos que se leven a cabo. Este número variará entre 4 ou 5 obradoiros anuais, dependendo da organización do profesorado do centro.

Promoverase a través da confección dos horarios a coincidencia dos obradoiros nunha mesma franxa horaria para todo o centro. Así como se organizarán os grupos de maneira que vaian rotando por cada temática durante todo o ano. Todo o alumnado participará en todos os obradoiros propostos para o seu nivel nalgún momento do curso escolar.

O desenvolvemento do obradoiro supón a relación entre alumnado e profesorado distinto do de referencia, permitindo aumentar e enriquecer os momentos de convivencia no centro.

3.3. En relación ós Patios dinámicos, desenvolverase desde o centro distintas accións encamiñadas a organizar o tempo de recreo. Esta medida vén dada pola necesidade de brindarlle ó alumnado que ten máis dificultades nas relacións sociais, espazos e tempos para integrarse dun xeito lúdico e ameno. Desde o Departamento de Orientación traballárase co alumnado de 5º e 6º EP para que sexa o encargado de xestionar as actividades, quendas e materiais necesarios para levar a cabo os xogos. Levaranse a cabo dúas quendas semanais con xogos específicos e dirixidos polo alumnado participante. Ademais, no resto dos días fomentárase o uso dos xogos pintados no chan e dos "portátiles" creados polo alumnado en cursos anteriores.

O desenvolvemento dos patios dinámicos supón a posibilidade de



enriquecer as relacións entre o alumnado de diferente nivel, ó mesmo tempo que o fomento da responsabilidade individual e grupal para a mellora da convivencia do centro.

## **b) Dar resposta á diversidade existente establecendo todas as medidas necesarias para atender a toda a poboación escolar.**

### **1. Medidas de sensibilización**

Planificación e realización de actividades grupais con todo o alumnado, valorando e potenciando as diferenzas existentes entre eles/as, considerando a diversidade como unha ferramenta enriquecedora para o desenvolvemento persoal, entendo que todos/as somos diferentes e aproveitando a riqueza que iso aporta.

Posta en marcha de diferentes actividades en relación a conmemoracións e actividades de sensibilización en relación ás diferenzas persoais.

### **2. Organizativas e curriculares**

A atención á diversidade será un dos principios da intervención educativa do centro, entendo por tal a atención á totalidade do alumnado. Neste senso, priorizaranse o establecemento de medidas ordinarias de atención á diversidade, recollidas no D229/2011, que permitan o desenvolvemento persoal a través da metodoloxía e a organización de tempos e espazos diversos.

O desenvolvemento curricular de cada un dos niveis educativos articularase entre xuño e setembro, a través da "sábana". Desde o equipo directivo aportarase esta ferramenta tendo en conta o calendario escolar e as conmemoracións e datas de especial interese na actividade do centro. O profesorado de cada nivel distribuirá os contidos de todas as áreas nas tres avaliacións téndoos en conta para o desenvolvemento das Programacións didácticas.

Para acadar o total desenvolvemento das áreas do currículo, tendo en conta a totalidade do alumnado, tomaranse medidas organizativas e metodolóxicas que permitan potenciar o crecemento individual. Dentro destas medidas priorizaranse aquelas que favorecen a convivencia recollidas no obxectivo anterior: aprendizaxe cooperativa e obradoiros.

Seguindo o recollido nos principios metodolóxicos no D105/2014 e nas orientacións metodolóxicas da ECD65/2015, fomentaranse estratexias que permitan un desenvolvemento competencial (coñecementos, destrezas e actitudes) no alumnado. Empregaranse aquelas metodoloxías que permitan unha aprendizaxe significativa, motivante e baseada en situacións da vida real.

Desde a organización do centro, priorizarase a atención á diversidade a través do apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria dentro da aula.

Organizativamente, repartiranse as horas lectivas dándolle prioridade ás necesidades do alumnado. Poderán tomarse decisións con respecto ós espazos e tempos que permitan atender, do mellor xeito posible, as necesidades mantendo os criterios organizativos do centro.

Todas as decisións en relación ó traballo diario na aula teñen que manter unha liña coherente co proceso de avaliación. Neste senso, a avaliación das aprendizaxes debe ir ligada ó deseño das tarefas, sendo a actividade diaria a principal ferramenta para a avaliación. A referencia para calificar debe ser a Concreción Curricular de centro.

As decisións en relación ás medidas concretas a desenvolver nas aulas, que permitan atender á diversidade do alumnado, deberán constatarse nas correspondentes Programacións didácticas. Calquera outra decisión con respecto ó proceso de ensino-aprendizaxe deberá pasar pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e, de ser o caso, posteriormente aprobada polo Claustro.

### **c) Establecer mecanismos de participación das familias.**

A participación das familias na escola é fundamental para a construción dunha comunidade educativa real. Para isto, dispoñemos de canles formais e informais de participación na escola.

En relación ás canles formais, e seguindo as indicacións establecidas na LOMCE e no D374/1996, contamos coa participación das familias a través do Consello Escolar, ANPA, as reunións iniciais de curso e as reunións de titoría. Desde a función titorial promoverase esta participación e manterase a comunicación e información sobre todos os aspectos que repercuten no alumnado. Desde o centro empregárase a plataforma Abalar para manter un contacto máis inmediato, tendo igualmente en contacto aquelas familias que non contan co aplicativo.

En relación ás canles informais, promoveranse diferentes momentos ou espazos para a participación das familias en actividades do centro, como por exemplo charlas como expertos/as en algún contido. Do mesmo xeito, manterase a comunicación coas familias de todo o alumnado a través da axenda escolar.

## **8. CARACTERÍSTICAS SINGULARES**

### **a. Servizos: comedor, transporte e actividades extraescolares**

O centro conta cos servizos de Aula matinal, Comedor, Transporte escolar e Actividades Extraescolares.

Con respecto á aula matinal, a súa xestión é responsabilidade da ANPA, contando cun espazo cedido polo centro para á atención ó alumnado, en horario de 7:50h a 9:20h.

En relación ó comedor, o centro conta cun espazo habilitado para tal fin.

O servizo é responsabilidade directa do Concello, quen xestiona as inscricións, o catering e o persoal encargado. O alumnado acudirá ó comedor ás 14:00h ata as 16:30h.

O centro tamén conta co servizo de transporte escolar, xestionado directamente polo centro, seguindo as indicacións da Consellería. Cóntase con catro liñas de autobús que trasladan ó alumnado ó centro ás 9:20h e o recollen ás 14:30h. No momento de formalizar a matrícula, o alumnado fará a solicitude correspondente ó transporte escolar. O período comprendido entre a chegada do alumnado ó centro e á entrada ás aulas será responsabilidade do persoal docente, a custodia e vixianza no recinto escolar.

As actividades extraescolares xestionadas pola ANPA (cociña, taekwondo, baile, inglés,...) coinciden en horario coa biblioteca custodiada polo profesorado de garda do centro, de 16:30h a 18:00h. O alumnado que pertence á ANPA fai a solicitude a comezos de curso para anotarse nas actividades propostas e acude os días que lle corresponden, mentres que alumnado que non está anotado a ningunha, pode permanecer na biblioteca do centro ata as 18:00h., ou poden vir recollelo cando remata o comedor.

## **9. Referencias lexislativas**

- LOE/LOMCE
- D105/2014, currículo Educación Primaria
- D229/2011, atención á diversidade
- D79/2010, plurilingüismo no ensino
- D8/2015, convivencia
- D374/1996 e Orde 22 de xullo do 1997, Réxime de organización e funcionamento (ROC)

## **10. Aprobación do PE**

Aprobado con data 6 de marzo de 2020.